# Faladoiro




ANO IX Nº XIII

C.P. torre-cela de bueu

O | DÍA | 12 | MEhANEIRO | VEU |

| O | CONTACONTOS | A | CLASE | DE | AZUCE

NA | ERA | UN | HOME | QUE | CONTOUNOS |

MOITOS | CONTOS | E | PASAMOLO | MOI

BEN |

SHEILA 4 ANOS

O PEIXEM



YOLANDA E ALVARO
4 ANOS

# FRUTAS EDL OTOÑO



SALVADOR - 5 AÑOS



# MACEDONIA

INGREDIENTES:
- NARANJA
- MANZANA
- PERA
- GRANADA
- KIWI
- AZUCAR

MODO DE HACERLO:

PICAMOS LA FRUTA ECHAMOS EL ZUMO DE NARANJA Y MUCHO AZUCAR.

MARI 5 AÑOS

5 Alejandro Gallego Castro 1-º



# ADIVIÑAS

2º P.



Pucheiriño que está no campo
co seu sombreiriño branco.
Nin é palla nin oliva,
atina sen que cho diga.



Son sete irmás
e todas bailan a un compá
Se sabes como son
podes facer unha canció

# TRABALINGUAS



As guedellas que se me
enguedellaron onte,
moi enguedelladas
non deben estar.
Desenguedelládemas xa,
se sabedes desenguedellar.

El zorro tiene un lazo en el rabo



El arbol está en la maceta



El gato tiene un gorro en la cabeza



JAVIER JUNCAL BUDIÑO 1º

# O CARRO

O principal medio de transporte da Galicia campesiña é o carro, tirado por unha parella de bois ou de vacas.

A feitura do carro está asceitada á carga e ós camiños que ten que correr. Presenta moitas variantes, pero todos teñen os mesmos elementos; o que varia duns sitios a outros é o nome das pezas de que se compón.




## Cantiga

Se queres que o carro cante
mollalle o eixo no rio
que despois de ben mollado,
canta como un asubio.

# El País de los leones por Melissa Garrido de 5º



Un día Jeremy James fué a un "Safari Park"



El padre de Jeremy James paró el coche junto a los leones y un león se acercó al coche




Pero, a la madre de Jeremy James no le gustaba tenerlos tan cerca y quería irse.




El padre de Jeremy James intentó arrancar el coche, pero el coche no quería arrancar




Al rato paró delante de ellos un coche rojo y el señor preguntó:
-¿Se le ha ...



A los pocos minutos aparecieron 2 Land-Rover que espantaron a los leones y llevaron ...




-¡Gracias a Dios! -dijo la madre de Jeremy James ...



Después de éstas aventuras ...

# PILOTO POR UN DÍA




Saúl Cabaleiro- 6°C

# A VIAXE

# A SATURNO

O outro día foi o cumpleanos do meu amigo Rodrigo, antes de vir a xente quixo vir á miña casa a xogar co videoxogo, el xoga mai ben. Cando estaba na fase do Saturno sentiu que unhas forzas magnéticas levábano a outro planeta, eu quedei asombrada, entonces collín o mando do videoxogo e a min esas forzas tamen me levaron. Cando ía polo camiño atopeime con Rodrigo e famos xuntos De repente Encontrámonos en Saturno e alí había marcianos con catro ollos, tres bocas e oito pés. Asombrámonos moito ó velos porque eran iguales ós do videoxogo. Estivemos alí moito tempo e quixeron levarnos ó fin dese planeta, resistímonos pero leváronnos a un lugar solitario donde non había que comer. Vimos pasar a 2 astronautas españois e pedímoslle axuda, eles primeiro non nos viron pero despois reaccionaron e víronnos e viñeron xunta a nós. Eles puxéronnos uns traxes de astronautas e voábamos. Despois fumos o mais rápido posible para chegar a tempo o cumpleanos de Rodrigo. Os astronautas aterrizaron nunha fonquiña que hai ó lado da casa de Rodrigo. Démoslle-las gracias e marchamos. Chegamos o cumpleanos e había moitos rapaces. Contámoslle a historia e non o creían pero ó final creeron. Logo celebramos o cumpleanos e Rodrigo mais eu fixémonos mai amigos.










Carmen Góo
Gómez
Jorge

# O meu mellor regalo de Navidade

A Navidade é unha época para lembrar e estar coa familia.

Coma tódolos anos na nosa casa facemos o Belén e mais a árbore. Eu e meu irmán andamos todos ocupados pois iso facémolo nós. Tamén nos reunimos tódala familia, ainda queste ano meu pai non puido estar por que tiña que traballar no mar.



Pasámolo moi ben, cantamos moitas panxoliñas e cantigas de Navidade.

Tamén celebramos o cumpreanos da miña prima, que nasceu o mesmo día que o neno Xesús.



Na Noiteboa vamos para a cama todos nervosos pensando na mañá seguinte atopar debaixo da árbore os nosos regalos.

Eu, este ano, fun bastante bo e Papá Noel deixoume unha bicicleta de montaña e máis un libro de aventuras, pero o regalo que máis me gustou foi que meu pai me chamou para felicitarme as Navidades e falar conmigo.



Por os Reis tamén tivemos regalos e esa noite fun ver a Cabalgata de Reis a Vigo. Gustoume moito e tamén collín moitos caramelos.

Cando cheguei á casa xa fun ver na árbore o que me deixaran debaixo. A min deixáronme cartos e un chan dall.

Agora xa tudo acabou. Xa gardámolo Belén e prantamosla árbore no xardín, e a esperar outro ano, que eu espero que sexa unha Navidade tan fermosa coma esta.

Hugo Carballo Rodas

5º nivel

# LENDAS

– Son narracións que pertencen ó literatura popular e que forman parte do tesouro cultural dos distintos pobos, trasmitido oralmente de xeración a traves dos seculos. Velaquí dúas lendas que fan referencia a lugares moi preto de nós.

## A COVA DE TRIGAS

– Perto da cova do lugar de Trigas ató-
pase unha pedra fendida chamada a "pedra do Mediodía".

– Certo día cadroulle a pasar por alí
a un rapaz de Cela que quedou moi sorprendido ó mirar baillar
a dúas princesas encantadas.

– Algo medoñento e con moita curiosidade preguntoulles qué estaban
a facer alí. Elas contestáronlle que eran fillas do rei da Proven-
za e estaban naquel lugar por mor dun encanto feito por un
"jalife" que as deixaba saír cada cen anos. Se quería desencan-
talas tiña que ir o día seguinte e coller dúas cobras que sai-
rían do mesmo sitio, que non se asustara do que fixeran,
aínda que se lle achegaran, pois eran moi ricas e ó quedar
desencantadas daríanlle moito ouro.

– O rapaz foi o día seguinte e cando mirou as cobras asus-
tanse e exclamou: ¡Vallame a Virxe do Pilar!

– Entón as cobras caíron moribundas. O rapaz adentrouse na
cova e mirou moito ouro, tras del entraron as cobras medias mor-
tas e dixéronlle:

– Se non querías desencantarnos escusaches de vir facernos dano
xa que ata agora saíamos cada cen anos, agora non volbaremos a
saír deica a consumación do mundo.
E ó dicir isto desapareceron elas e máis o ouro.

# A COVA DE TRIGAS




Inés Freire Soage

Mayra Couso Pena 2º A

Susana Martínez Cerviño

# ~A LENDA DA ILLA DE ONS.~

".O mozo e maila serpe."

Vivía na illa de Ons, hai moito tempo, un mozo que era moi amigo dos animais. Entre todos eles, quizais co que tiña máis confianza, era cunha serpe pequena coa que xogaba, falaba e ría tódolos días. Eran inseparables e pasábano moi ben xuntos.

Un día o mozo foi chamado para servir ó rei, e tivo que deixar desamparada a súa amiga, cousa que fixo con moita dor de corazón, pois de ningunha maneira podía levala con él, ainda que non deixaba de matinar na maneira de poder facelo.

Despois dun ano fóra, e de cumprida a súa obriga co rei, o mozo voltou á illa e o primeiro que fixo foi buscar a súa amiga polos lugares de costume. Mais ésta non aparecía por ningures. Cando xa daba por morta á serpe, atopouna entre uns penedos media aletargada.

Era máis grande e máis forte do que esperaba e calquera outro que non fose él meteríalle un bo medo. El mirouna. A serpe cun lento movemento pois movíase moi torpemente - dirixiulle unha mirada asustadiza. Achegouse a ela e faloulle. O animal que recoñeceu na voz ó seu vello amigo, arrastrouse cara a él e empezou a subir polo corpo do mozo. A ledicia dos dous foi tan grande que se fundiron nunha agarimosa e forte, moi forte aperta. Tan forte e tan longa, que o mozo morreu por asfixia.

A serpe vendo que o seu amigo non voltaba en sí, meteu o rabo na boca e facendo unha roda, lanzouse costa abaixo nunha desenfrenada e suicida carreira, buscando a morte que atopa nun penedo.

RITA ESTÉVEZ MARTÍNEZ

2º ESO A.

# A LENDA DA ILLA DE ONS

## O mozo e maila serpe




Praia de Lapamán
Cobodevila
Punta Salgueiro
Praia Cobelo
Xistro
Punta do Cesto
Monte Gordo
Praia de Porto Maior
de Bueu
Praia de Agrelo
Ribeiros
Bouzón
Soborigo
Bugalleira
Punta Corveiro
Punta Petis
Loureiro
Souto
Torre
Pousada
Castiñans
Meons
Doade
Antepazo
Cela
Cabreira
Costa Grande
Centeiras
Poradela
Beloso
O Rio
Barraca
Xexido

# TOPONIMIA DA PARROQUIA DE STA. MARIA DE CELA

Tóponimo é o nome propio dun lugar, aldea, vila, cidade, país, etc...

Normalmente, os nomes de lugares non son aleatorios, senón que están motivados pola vexetación, construcción, formas do relevo, nomes relixiosos...

**A PARROQUIA DE CELA** está composta por unha serie de lugares, pero o que máis identifica a CELA é a TORRE

Na parroquia hai grupos de poboación máis modernos que se formaron ó longo de pistas e estradas asfaltadas, como Castrelo, Fontealta e Sabarigo.

## ***TOPÓNIMOS***

**CELA** : do latín *cella- cellãe*, que significa celeiro, almacén, despensa.
As colonias agrícolas impóñense na toponimia : Cela, A Graña, Agrelo.

## ***LUGARES DE CELA***

**Antepazo** : antes do pazo. Está situado antes do pazo do Casal da Torre.

**O Beloso** : non está claro o seu topónimo. Hai unha hipótese : O Beloso, raíz céltica *bel- bo*, o que encanta.

**O Burgo** : raíz xermánica *burgs* - vila fortificada no alto da montaña.

**A Cabreira** : do latín *capra- caprae* : procede de cabra. A Cabreira sería o lugar onde estaban, pastaban ou estabulaban as cabras.

**As Castiñáns** : do latín *castanea- castanae* : " castaño ", lugar de castañas É un lugar costaneiro moi vistoso, limítrofe coa parroquia de Bueu.

**Castrelo** : do latín *castellu,* diminutivo de *castru,* que se refire a castros, non a castrelos.

**A Costiña** : do latín *costa* : terreo pendente. Está situada na ladeira alta do Monte da Telleira.

**A Fontealta** : do latín *fonte,* fuente." Alta " sinala a posición da fonte.

**Gándara**: voz preindoeuropea. *Ganda:* pedregal, terreo pouco productivo e lamacento.

**Igresario** : agrupamento de casas ó redor da igrexa.

**Murrans** : non se sabe de certo, pero podería ter relación con "montaña"

**Paradela** : non se coñece a procedencia deste topónimo, pero crese que podería ter relación con " ó extremo de, xunto a ... outra entidade maior "

**A Pena :** procede da raíz céltica *penn- pinn:* rocha, cerro, alto.

**Pousada** : procede do latín *pousare*: parar, cesar. Fai relación a terreos situados no medio ou final dunha pendente.

**O Río** : arroio, regato, canal. Por el descorren os regatos Castiñeiriños e os Frades.

**Sabarigo** : *Sabaricus* era o nome dun bispo de Mondoñedo. Outros autores cren que pode significar " rico ", " poderoso ".

**O Souto** : do latín *saltu*: paso estreito, desfiladeiro, rexión forestal, bosque. En Cela hai moitos topónimos que fan referencia á castaña, o que indica a importancia que tal árbore tivo nalgún tempo - Trasouto, Castiñeiras, Souteliño ...

**A Torre :** do latín *turre*, torre, fortaleza. É o lugar que maiormente se identifica co topónimo de Cela. A casa da torre edificouse con pedras do antigo Casal ,á que lle puxeron o escudo.

**CLASIFICACIÓN DOS TOPÓNIMOS DE CELA SEGUNDO AS CAUSAS QUE OS MOTIVASEN**

**Construccións :** Cela, Antepazo, Castrelo, Fontealta, Igresario, Paradela e A Torre.

**Relevo** : Beloso, O Burgo, A Costiña, Gándara, Murrans, Pena, Pousada e O Río.

**Vexetación** : As Castiñáns, O Souto, A Cabreira ...

**Nomes relixiosos** : Sabarigo e Igresario.

Traballo extraído da revista " O Candil ", do Colexio Público de Bueu.

Ana Belén Otero Patiño

Xema Pedrosa Vázquez

Ainhoa Núñez Cerviño

Rodrigo Javier Martínez Parada

ESO 2 B

# OS DE 1º DE E.S.O. OPINAN SOBRE A TELEVISIÓN.

**1. Progamas preferidos polos alumnos de 1º de ESO.**

- Médico de familia → 8
- Al salir de clase → 6
- Sorpresa, sorpresa → 5
- Más que amigos → 4
- Querido maestro → 3
- Equipo A → 3

Películas: de aventuras → 6
de acción → 5
de terror → 2
sin preferencia → 3

**2. Se non existira a T.V. ...**

- Aburriríanse → 6
- Escoitarían música → 6
- Escoitarían a radio → 4
- Xogarían cos amigos → 4
- Farían deporte → 2
- Non saben → 1

<u>DEBATE</u>

Debatimos a favor e en contra, en grupos de catro, e despois fixemos unha posta en común sobre catro afirmacións sacadas dun libro de texto.

**O resultado do debate foi o seguinte:**

*1º afirmación:*

**A T.V. é unha fonte de información**

A favor: 20 din que nos telediarios.
2 tamén nos programas educativos.
1 en moitos debates tamén nos informamos

*2º afirmación:*

**A T.V. pode invitar á violencia.**

A favor: 5 din que os rapaces, ás veces, tratan de imitar o que ven nas películas.
14 cren que nas películas é onde se ve máis violencia.

En contra: 1 di que nas series non hai violencia

*3º afirmación:*

**A T.V. fomenta a pasividade.**

A favor: 15 din que nas telenovelas e nas series pérdese o tempo.
3 parécelle que si pero non dan razóns.

En contra: 2 din que se pode traballar e mirar a T.V. ó mesmo tempo.
1 parécelle que nos documentais apréndese e non se está pasivo.
1 di que vendo T.V. polo menos estamos quietos e non pintámo-la mona

*4º afirmación :*

**A T.V. activa a imaxinación.**

A favor: 6 din que hai moitos programas fantásticos que a activan.
4, nos debuxos animados imaxínase.
3, a imaxinación está activa nas películas de aventuras.
2, nos concursos traballa a imaxinación.

En contra: 5 din que moitas veces mírase a T.V. sen fixarse.
6 cren que como xa se ve todo, non hai necesidade de imaxinar.

# RECEITAS DA AVOA DO NADAL

## BACALLAO CON COLIFLOR



Ingredients:

- 1 folla de bacallao
- coliflor
- cebola
- aceite de oliva
- patacas
- pementón
- allo

Preparación:

Déixase o bacallao a remollo ata que estea desalgado.
Botar a cocer unha cebola troceada e un dente de allo. Cando ferva, bótar unha capa de patacas en rebanadas ou en mitades, logo outra capa de bacallao troceado. Por último cóllese a coliflor e vaise espolando por riba do bacallao.
Ca tarteira tapada, déixase cocer ata que pinchen as patacas e que todo estea ben cocidiño.

## COMPOTA DE NADAL



Ingredients:

- viño do país
- mazáns
- azucre ó gusto
- chocolate
- pan de trigo cortado (según o viño )

Preparación:

Ponse o viño ó lume con pouca potencia. Pélanseas mazáns e córtanse en lonchas finas. Bótaselle o azucre e o pan partido. Cando estea todo metido na tarteira, bótaselle o chocolate relado e vaise removendo ata que a mazá estea tenra. Por fin, quitase do lume e bótase en cuncas e...
¡ bo proveito !.

## SOPAS DE VIÑO

Ingredientes:

- 1 xerro de viño, o de rente á parede (o bo )
- pan de millo quentiño (nesas datas de Noiteboa cocíase pan de millo )
- azucre

Preparación:

Esmigallar pan quente nunha cunca, botarlle azucre ó gusto e viño bastant que cubra o pan, a cunca case chea. Deixar repousar mentres come-lo xanta ou a cea e despois tomalo.

# OS DEPORTES do COLEXIO

COMPETICIONS INTERNAS: Facémolas nos recreos durante todo o curso.

As principais son: TORNEO DE XADREZ , no que participan os que queren e que xa está na fase final para a que están clasificados: Diego Cortizo,Agustín Fernández, Eloy Chapela e un cuarto que será o gañador da partida entre Francisco Piñeiro e Iago Arias.

TORNEO DE FUTBOL SALA : Participan 8 equipos masculinos e 3 femininos. O Campionato feminino xa rematou coa victoria do equipo GOLEADORAS. O masculino está a piques de rematar a primeira volta, e vai destacado o QUEBRANTAHUESOS.

TORNEO DE PING PONG: Cando rematen os entrenamentos dos equipos que van a representar o colexio no Deporte Escolar, faremos un torneo de ping pong para os que queiran participar.

COMPETICIONS ESCOLARES : Participase, coma tódolos anos no Deporte escolar da Xunta, nas modalidades de balonmán, fútbol sala, xadrez, campo a través, atletismo,ping pong e ximnasia.

BALONMAN: Temos un equipo feminino que nestos momentos vai segundo na competición da zona do Morrazo.

FUTBOL SALA: Participamos con un equipo benxamín, un alevin e un infantil. Este sabado xogaran a 5ª xornada da liga do Morrazo.

XADREZ : Non comenzou a competición escolar na que participaremos con un equipo de cada categoría.

CAMPO A TRAVES: Xa rematou a competición . Participamos en tódalas categorías e clasificamos o equipo alevín femenino para a final provincial que se celebrou nas Gandaras de Budiño en Porriño onde quedaron 8ª da provincia. En tódalas competicións individualmente levaron medallas e trofeos moitos participantes do colexio.

ATLETISMO, PING PONG E XIMNASIA : Ainda non comenzou a competición. Participaremos con equipos de tódalas categorías, excepto en ximnasia que soio teremos un femenino.

BALONCESTO: Participa un equipo mixto nunha liga formada por equipos de Bueu, Marin, Ardán, Aldán e Cangas. Levan xogados dous partidos perdendo o primeiro co V. Milagrosa de Bueu e gañando o segundo contra o Baloncesto Marín.



# HUMOR



¿Por qué os de Lepe poñen o televisor debaixo da terra?
Para ver o programa Raices

Ia unha piruleta pola rúa e encóntrase cun chupa-chups, e dílle o chupa-chups:
- ¿Que che pasou, pisáronche a cabeza?



Unha noite que había moita néboa, un mariñeiro que estaba no mar empezou a berrar ¡Eh¿de onde vides?! E contestaron ¡Do Porriño!-E nós tamén - ¿E qué traedes? - Sardiñas -E nós tamén.
E entón berrou o patrón:
¡ Deixade de berrar os de proa cos da popa!







Dille un morto a outro: Dasme uns poucos gusanitos.

Unha parella está na porta dun museu e uns amigos lles pregunta:
¿ Por qué non entrades dunha vez?
- Por que o letreiro di: VISITA DE 4 a 6, e nós solo somos dous.







ABRESE O TELON. APARECE UNHA PERRUQUERIA PECHANDO E UNHA MULLER VENDO POLO CRISTAL

## Cadros Numéricos

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | − | | + | | =8 |
| + | ■ | + | ■ | + | ■ |
| | × | 3 | + | | =7 |
| − | ■ | + | ■ | + | ■ |
| | × | | : | | =4 |
| =2 | ■ | =6 | ■ | =7 | ■ |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | − | | + | | =7 |
| + | ■ | + | ■ | × | ■ |
| | − | 1 | : | | =1 |
| − | ■ | + | ■ | + | ■ |
| | × | | + | | =8 |
| =4 | ■ | =4 | ■ | =9 | ■ |

## HUMOR

- Era un home tan peludo, tan peludo que, cando fai ó médico preguntoulle.
- Doctor. ¿Qué padezco?
- Un oso.

- ¡Riiiiiiinnnn! ¡Riiiiiiiinnn!
- Si.
- Es ahí el 32.32.32.
- No. Es el 23.23.23.

## ABERINTO

¿ Que camiño debe coller o gaiteiro ?



# Adiviñas

Gástanse as horas,
gástanse os cartos,
gástanse as medias,
pero sen zapatos.

(o reloxio)

¿Quén é aquila que vai camiñando
e non é dona dos seus pes
e leva o corpo o revés
e o espiñazo arrastrando,
e os pasos vai contando
e cando quer descansar
bota os pes no ventre.

(A gamela)

Vaiga branca semente
negra cinco bois arrastrar
cro a chavella, ¿ quén son?....

(papel, pluma y cinco dedos)

Rita Estévez Martínez
Damián Malvido Pena

# Pasatiempos

## XEROGLIFICOS

 + deiro

¿Que tocas ?

 + eira

¿Donde fixeche-la comida ?

1 

¿Que animal é ?




¿Que fixeches onte ?



¿Que paxaro é ?

## BUSCA O NOME DE CINCO INSTRUMENTOS MUSICALES

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | J | Z | M | N | A | R | Z |
| P | O | B | M | O | B | A | O |
| A | M | P | A | B | N | O | R |
| R | A | T | O | F | I | L | I |
| L | X | S | O | D | L | A | E |
| C | I | Ñ | A | L | C | A | D |
| E | A | A | T | I | A | G | N |
| C | O | M | E | J | N | T | A |
| J | T | A | M | B | O | R | P |




## BUSCA :



| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| N | X | H | E | O | C | O | Z | P |
| C | R | A | C | A | R | L | M | R |
| H | S | U | M | P | N | A | A | S |
| A | T | U | L | O | A | A | A | T |
| V | P | T | B | E | N | L | S | U |
| E | V | N | X | C | L | O | A | V |
| M | X | I | N | A | L | Q | J | X |
| A | E | P | R | Y | A | N | A | Y |
| P | A | X | E | R | G | I | X | Z |



# — INDICE —


| | | |
|---|---|---|
| PORTADA ........................ | Victor Gómez Gallego | 4º |
| O CONTACONTOS .................. | Sheila Santana Búa | E. I. 4 anos |
| O PEIXE MAXICO.................. | Yolanda Entenza Rúa<br>Alvaro Estévez Castro | E. I. 4 anos |
| FROITAS DO OUTONO .............. | Salvador Coya Riobó | E.I. 5 anos |
| MACEDONIA ...................... | Mª del Carmen Barreiro Pereira | E.I.5 an |
| POSTAL DO NADAL ................ | Alejandro Gallego Castro | 1º |
| ADIVIÑAS E TRABALINGUAS......... | Traballo colectivo des alumnos de 2º | |
| FRASES E DEBUXOS -- ............ | Javier Juncal Budiño | 1º |
| O CARRO ........................ | J. Luís Freire Souto | 3º |
| O PAIS DOS LEONS ............... | Melissa Garrido Antón | 5º |
| PILOTO POR UN DIA .............. | Saúl Cabaleiro Davila | 6º |
| A VIAXE A SATURNO .............. | Carmen Gómez Jorge | 6º |
| O MEU MELLOR REGALO DE NAVIDADE. | Hugo Carballo Rodas | 5º |
| LENDAS - A COVA DE TRIGAS...... | Inés Freire Soage<br>Mayra Couso Pena<br>Susana Martínez Cerviño | 2º ESO A |
| A LENDA DA ILLA DE ONS ....... | Rita Estévez Martínez | 2º ESO A |
| MAPA DE CELA-TOPONIMIA DE CELA. | Ana Belén Otero Patiño<br>Xema Pedrosa Vázquez<br>Ainhoa Núñez Cerviño<br>Rodrigo J. Martínez Parada | 2º ESO B |
| ENQUISA- A TELEVISION......... | Traballo colectivo dos alumnos de 1º ESO | |
| RECEITAS DA AVOA DO NADAL..... | Noemí Durán Vidal | 1º ESO |
| OS DEPORTES DO COLEXIO ...... | Redacción | |
| HUMOR/...................... | Traballo colectivo dos alumnos de 5º | |
| PASATEMPOS ................. | Rita Estévez Martínez<br>Damián Malvido Pena | |
| INDICE ..................... | Redacción | |
| CONTRAPORTADA: O PIRATA ..... | Noemí Besada Portela | E.I. 5 anos |


FALADOIRO 1998


NOEMI
5-5 ANOS